

EXERCICIOS DE REPASO DE GALEGO. TEMA 2. TODO POR UN IDEAL

Nome e apelidos:	
------------------	--

1. Que é un texto narrativo?
2. Realiza un esquema cos elementos que interveñen nun texto literario narrativo.
3. Xustifica se este texto literario de Luisa Castro, titulado *A pequena morte*, é narrativo e responde ás seguintes preguntas:

“Gústame osmar nos cemiterios. Aquel día ocorréuseme ir ao de Sargadelos dando un paseo coa miña nai. Mentres lía as lápidas, ela foi reparando nos diversos estilos e ornamentos, facendo contas do que custaría este ou aquel mármore. (....).

Cando me quixen dar conta, miña nai desaparecera por unha esquina do pequeno camposanto, e algo, de súpeto, chamou a miña atención: Carolina Alegre, o meu nome inscrito nunha lápida de recente implantación, estaba alí mesmo, diante de min. Eu non teño un nome tan común. Pechei os ollos e volvíñ abrilos. Contiven o alento para seguir lendo a inscrición que acompañaba o nome: Falecida o 1 de agosto de 2001. Era o día no que estabamos. E a miña foto! Tamén a miña foto, da última renovación do carné, certificaba naquel momento a miña defunción. Cando me quixen dar conta, miña nai apareceu por outra esquina. Parecía que viña dun enterro. Foise de alí sen min. Nin sequera me mirou”. **Luisa Castro.** *A pequena morte*.

- Analiza o punto de vista do narrador. É interno, externo ou omnisciente?
- Cal é a trama do texto?
- Quenes son os protagonistas?
- Cal é o tempo histórico e cronolóxico?
- E o espazo? Onde se desenvolve a trama? É aberto ou pechado?

4. Completa o seguinte cadro cos principais títulos por xéneros da obra de Castelao:

Contos	- - -
Novela	-
Teatro	-
Ensaio	- - -

5. Castelao foi un artista multidisciplinar. Como debuxante e pintor que temáticas estivo sempre preocupado de plasmar? Quenes son os protagonistas centrais nas súas obras?

6. Sinala se as seguintes frases sobre Castelao son verdadeiras ou falsas:

- Castelao opta por unha obra de carácter elitista.
- A través do humor pretende mostrar as virtudes da sociedade galega.
- **Cousas** presenta unha estrutura determinista do ser humano.
- No seu pensamento político Castelao defende o centralismo do Estado Español.

7. Cando xorden as vangardas?

8. Sinala a característica principal do futurismo, cubismo, dadaísmo e surrealismo.

9. Cal foi a causa que impediu o desenvolvemento dos movementos vangardista en Galicia?

10. A renovación poética en Galicia veu da man da Xeración de 1922. En que tres movementos cristalizou e cales foron as principais características de cada un?